

3

**sectores
productivos**



panorama xeral

ESTE CAPÍTULO TRATA de analizar los trazos básicos dos diferentes sectores productivos da economía galega. Para iso, a análise partirá da consideración da relación existente entre os indicadores do emprego e da produción facilitados pola EPA e pola Contabilidade Trimestral de Galicia.

Posteriormente, considéranse os datos de traballadores e empresas en alta laboral na Seguridade Social facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, as variables empresariais das empresas consideradas por Ardán, e finalmente, faise referencia ós datos do sector exterior facilitados polo ICEX.

Atendendo ós datos da **Contabilidade Rexional de Galicia** (base 1995) estimados polo IGE, (**cadro C.3.1.** - *VEB a prezos básicos e PIB a prezos de mercado 2000-01*), o produto interior bruto a prezos de mercado no ano 2001 acadou os 29.681,4 millóns de euros (prezos constantes), un 2,8% máis que

no ano precedente. En termos nominais (prezos correntes), a taxa de crecemento do PIB a prezos de mercado foi do 6,7%.

Considerando a evolución trimestral ó longo do ano 2001, a expansión da economía galega presenta certa desaceleración xa que a taxa de crecemento descende trimestre a trimestre, pasando dun 3,1% no primeiro trimestre do ano 2001 a un 2,5% no derradeiro trimestre do ano. En termos nominais, estas taxas de crecemento foron de 7,1% e 6,3%, respectivamente.

A ocupación en Galicia (987,4 miles de persoas) (**cadro C.3.2.**- *Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo ramas de actividade*) presentou en 2001 un crecemento do 0,1%, cifra que é 2,7 puntos porcentuais inferior á correspondente ó crecemento económico.

Atendendo á desagregación por ramas de actividade, o sector servizos de mercado é

o que xera un maior valor engadido, con 12.214,7 millóns de euros (o 41,5% do PIB galego), seguido do sector industrial e dos servizos non de mercado, con 4.668,8 (o 15,7% do PIB galego) e 3.801,3 millóns de euros (12,8% do PIB galego), respectivamente.

O VEB a prezos básicos (prezos constantes) do sector primario (agricultura, silvicultura e pesca) experimentou no ano 2001, ó contrario do acontecido no ano 2000, un crecemento do 0,6% respecto ó ano precedente (en 2000 a taxa de variación interanual foi do -1,6%). Atendendo á evolución trimestral, no segundo trimestre do 2001 prodúcese un cambio da tendencia da crecemento, pasándose das anteriores taxas negativas a taxas de crecemento positivas. A taxa de crecemento no segundo trimestre do 2001 foi de 0,6%, finalizando o anos cunha taxa de crecemento de 1,3% respecto ó cuarto trimestre do ano anterior. Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) este sector presenta entre os dous anos considerados un crecemento do 5,3% (medra un 2,3% no ano 2000).

A ocupación (fonte: EPA) no sector primario experimentou un descenso do 12,4% (case vintedous mil persoas menos que no ano anterior) acoillendo un total de 155,2 miles de traballadores, dos que 122,5 miles de ocupados están englobados na agricultura, gandería, caza e silvicultura, e os 32,7 miles de persoas restantes, no subsector pesqueiro.

O sector industrial (sen a rama enerxética) experimentou no ano 2001 un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constantes) do 3,5%, porcentaxe dous puntos inferior á acadada no ano precedente. Tendo en conta a evolución trimestral ó longo dos anos 2000 e 2001, a taxa de crecemento se reduce continuamente ata o segundo trimestre do ano 2001, cando acada unha taxa de crecemento do 3,4%, manténdose constante no terceiro trimestre, e aumentando no derradeiro trimestre do 2001 ata o 3,7%. Se a análise se fai

considerando os prezos correntes (termos nominais) a taxa de crecemento do sector industrial entre os anos 2000 e 2001 foi do 7,6%, oito décimas máis que en 2000.

O emprego tivo un crecemento do 7,6% (4,1 puntos superior á taxa de crecemento do sector industrial), acadando os 183,5 miles de persoas ocupados no ano 2001. As ramas de fabricación de material de transporte e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes en canto ó número de traballadores, con 34,5 e 32,1 miles de ocupados, respectivamente.

A rama enerxética presentou no ano 2001 unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do -0,4% fronte á medra do 5,5% experimentada no ano 2000. Salienta a importante diferenza entre as taxas de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos reais e nominais (prezos correntes), xa que neste último caso a taxa de crecemento do VEB foi do 3,1% (5,8% no ano precedente).

Ó longo do ano 2000 prodúcese unha desaceleración do crecemento do VEB a prezos básicos, que no primeiro trimestre do ano medra a unha taxa de 2,9% (en termos reais) e nos terceiro e cuarto trimestre experimenta a taxa de crecemento negativa do 2,1%.

O emprego no sector enerxético (rama “producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga”) acadou no ano 2001 un total de 6,1 miles de ocupados, que significou un crecemento do 24,5% aínda que en termos absolutos este crecemento estivo en torno ós 1.200 empregos.

No ano 2001 o sector da construción experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 4,8% (6,5% experimentado no ano 2000), seis puntos inferior á taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos nominais (prezos correntes). Ó longo do ano prodúcese unha desaceleración do crecemento do VEB a



CADRO 3.1.1.

Traballadores en alta no réxime xeral da Seguridade Social a 31-12-2001: distribución segundo actividade económica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
0 Agricultura e pesca	1.415	469	961	1.382	4.227
1 Industrias extractivas, téxtil e alimentaria	19.882	4.631	6.958	12.458	43.929
2 Industrias do metal, madeira e corcho	21.125	6.922	5.375	24.313	57.735
3 Industrias de fabricación de bens de equipamento	10.475	1.428	2.425	19.882	34.210
4 Construción e produción e distribución de enerxía	39.374	9.525	9.912	29.676	88.487
5 Comercio e hostalería	59.327	15.963	14.221	51.520	141.031
6 Transporte e comunicación	21.789	5.397	4.868	17.504	49.558
7 Administración pública, servizos financeiros e tec. Emp.	55.905	14.165	12.141	37.594	119.805
8 Actividades sociais e de servizos prestados á comunidade: Educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	25.146	8.196	8.644	20.804	62.790
9 Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; Servizos Persoais	13.214	2.275	2.626	8.147	26.262
Non consta	54	37	43	55	189
Total	267.706	69.008	68.174	223.335	628.223

Fonte: Tesorería Xeral da Seguridade Social

prezos básicos, experimentando a súa maior taxa de crecemento no primeiro trimestre do ano, cunha taxa de 5,7% (en termos reais) e a máis baixa, co 3,7%, no derradeiro trimestre.

O emprego neste sector no ano 2001 rexistra un aumento do número de traballadores do 1,5% (3,3 puntos menos do que o fai a produción en termos reais) respecto ó ano anterior (1,7 miles de persoas ocupadas máis), sendo o número total de ocupados de 118,3 miles de persoas.

No ano 2001 o sector servizos experimentou unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,1% fronte ó 3,7% experimentado no ano anterior. En termos nominais, a taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos mantívose no 7,1%. Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do VEB, en termos reais, no primeiro caso foi do 3,4% respecto ó ano anterior, e no segundo de 2,1%.

Atendendo á evolución trimestral, esta permanece practicamente constante. A taxa de crecemento máis elevada rexístrase no primeiro trimestre, cunha taxa de variación do 3,2% respecto ó mesmo período do ano anterior, e a máis baixa no segundo trimestre, cando a súa taxa de crecemento é do 3%.

A ocupación no sector servizos medrou

no ano 2001 un 1,3% respecto ó ano anterior (o VEB a prezos básicos, en termos reais, medra 1,8 puntos máis) ata chegar ós 524,3 miles de ocupados. Entre as ramas máis importantes, salientan as de comercio por xunto e polo miúdo, con 121,7 miles de traballadores, e as de “outros servizos” (servizos a empresas), con 107,7 miles de persoas.

O número de **traballadores en alta laboral** na Seguridade Social no réxime xeral no ano 2001, **cadro 3.1.1.**, aumentou un 5,4% respecto ó ano anterior (case 32 mil persoas máis) para acadar 628.223 traballadores. Atendendo ós diferentes grupos de actividade, os grupos 5 (comercio e hostalería) e 7 (Administración Pública, servizos financeiros e servizos empresariais) son os que engloban o maior número de traballadores con 141.031 e 119.805 traballadores, respectivamente.

A Coruña acolle ó 42,6% do total de traballadores en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social, en tanto que Pontevedra acolle ó 35,6%. As provincias de Lugo e Ourense acollen o 11% e o 10,9%, respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro C.3.3.** (*Empresas e traballadores en alta no Réxime Xeral e Réxime especial da Minería do Carbón 2001: distribución segundo o tamaño da empresa*), no ano 2001, segundo os datos da

3.

Tesorería General da la Seguridad Social, o número de **empresas en alta laboral** na Seguridade Social ascendeu a 75.790, 2.652 máis que no ano anterior, manténdose o número medio de traballadores por empresa en 8,2 traballadores por empresa.

O devandito cadro reflicte que o 55,3% das empresas teñen de un a dous traballadores (41.926 empresas), e que en 1.424 empresas (1,9%) traballan máis de 50 traballadores.

A análise das **variables empresariais** da economía galega realízase fundamentalmente sobre a información que proporciona o servizo de estudos Ardán, que considera as empresas con domicilio social en Galicia —o que implica deixar fóra algunha empresa importante, polo que as cifras poden presentar algunha distorsión—, das que se teñen datos nos dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós 240.404,84 euros.

3.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas consideradas nos anos 1999 e 2000 ascendeu a 12.394 empresas, fronte ás 10.572 empresas seleccionadas para os anos 1998 e 1999. Comparado cos datos do Dirce, a estas empresas representan o 27,7% do total de empresas mercantís galegas e acollen en torno ó 42% dos traballadores asalariados galegos.

O **cadro C.3.4.** (*Sectores productivos 2000*), que recolle os datos relativos á distribución da actividade segundo os grandes grupos de actividade, reflicte que estas empresas teñen no ano 2000 uns ingresos de explotación de 41.574 millóns de euros e xeraron un valor engadido bruto a custo de factores de 8.008,5 millóns de euros. O seu emprego medio, calculado segundo os datos presentados polas propias empresas, ascendeu a 23 traballadores.

O sector industrial, composto por 3.685 empresas, acolle o 49,3% dos ingresos de explotación e o 43,8% do VEB xerado pola

empresas da selección, sendo ademais o sector de actividade co maior emprego medio, con 30 traballadores por empresa segundo os datos facilitados por elas mesmas. As empresas de construción, cun emprego medio de 19 traballadores por empresas, xeran o 22,2% do VEB e as englobadas dentro do sector primario e industrias relacionadas, o 18,2% do VEB (presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresas).

Atendendo á **distribución xeográfica** das empresas galegas consideradas por Ardán, o **cadro C.3.9.** (*Núcleos de localización máis importantes pola súa xeración do VEB 1999-00*) amosa os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios. En conxunto, no ano 2000 acollen o 63,9% do VEB total xerado polas empresas galegas estudadas fronte ó 63,2% do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 70,1% no caso da industria. Pola contra, estes oito municipios xeran o 46,6% do VEB polas empresas do sector primario.

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, que xeran un total de 1.790,7 e 1.222,2 millóns de euros, o que supón o 22,4% e 15,3% do VEB total xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán. Do devandito **cadro C.3.9.** pode deducirse a importancia do sector industrial para os núcleos de Vigo, Arteixo e O Porriño, xa que este sector representa o 59%, o 82,3% e o 65,5%, respectivamente, do VEB xerado nos devanditos municipios (a media galega é do 43,8%), ou a importancia do sector da construción en Pontevedra e Ourense, que acollen o 57,4% e 44,7% do seu VEB xerado (en Galicia representa o 22,2%).

A **conta de explotación agregada** destas 12.394 empresas, **cadro 3.1.2.**, reflicte un aumento do resultado neto do exercicio no ano 2000 do 18,1% (un 14,5% no caso do resultado antes de impostos), o que significa un importante crecemento do beneficio destas

CADRO 3.1.2.

Evolución da actividade empresarial 1999-00: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	36.273,8	100	41.574,1	100	14,6
Consumo e outros gastos de explotación	29.017,5	80,0	33.565,6	80,7	15,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	7.256,3	20,0	8.008,5	19,3	10,4
Gastos de persoal	4.492,9	12,4	5.040,0	12,1	12,2
Resultado económico bruto da explotación	2.763,5	7,6	2.968,5	7,1	7,4
Amortizacións	987,9	2,7	1.132,4	2,7	14,6
Resultado económico neto da explotación	1.775,6	4,9	1.836,1	4,4	3,4
Resultado financeiro	-159,4	-0,4	-66,7	-0,2	58,2
Ingresos financeiros	293,3	0,8	559,1	1,3	90,6
Gastos financeiros	452,7	1,2	625,8	1,5	38,2
Resultado de actividades ordinarias	1.616,2	4,5	1.769,4	4,3	9,5
Resultado de actividades extraordinarias	83,5	0,2	176,1	0,4	110,9
Resultado antes de impostos	1.699,7	4,7	1.945,6	4,7	14,5
Impostos	515,9	1,4	548,1	1,3	6,2
Resultado neto do exercicio	1.183,8	3,3	1.397,5	3,4	18,1
Cash-flow	2.102,4	5,8	2.452,1	5,9	16,6

Fonte: Ardán

empresas. O seu peso relativo no total dos ingresos de explotación mantense no 4,7% no ano 2000. O resultado da actividades ordinarias tivo tamén unha evolución positiva ó medrar un 9,5% respecto ó ano anterior, sendo a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación do 4,3%.

Este aumento da capacidade de xerar beneficios baseouse principalmente no crecemento da facturación das empresas e, en menor medida, no menor crecemento dalgúns dos custos empresariais como os gastos de persoal en relación cos ingresos de explotación.

O VEB a custo de factores polas empresas consideradas presenta no período 1999-00 unha medra 4,2 puntos porcentuais inferior ó experimentado polos ingresos de explotación (10,4% e 14,6%, respectivamente). A súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación descende dende o 20% de 1999 ata os 19,3% no ano 2000.

Os gastos financeiros medraron no ano 2000 un 38,2%, polo que na estrutura de custos das empresas reduciuse a relación carga financeira-ingresos de explotación, que

en 2000 equivalen ó 1,01% dos ingresos fronte ó 0,94% do ano anterior.

Respecto ós gastos de persoal, que experimentan un crecemento do 12,2%, presentan unha redución do seu peso relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 12,4% de 1999 ó 12,1% do ano 2000.

A análise do **balance agrupado** reflicte, **cadro 3.1.3.**, o equilibrio patrimonial nas empresas galegas seleccionadas. O financiamento permanente (16.503,1 millóns de euros) cubre no ano 2000 a totalidade do activo fixo neto (12.995,5 millóns de euros) e o 18,6% do circulante neto (18.857,3 millóns de euros nese ano). O fondo de rotación ascende a 3.507,6 millóns de euros, un 31,5% superior ó existente no ano anterior.

No concernente ás fontes de financiamento, o 51,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo rexistraron unha medra do 24,5%, cun peso relativo do 18,8% no total das fontes de financiamento.

3.



Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	28.254,6	100	31.852,8	100	12,7
Activo fixo (neto)	11.436,9	40,5	12.995,5	40,8	13,6
Gastos amortizables	215,8	0,8	252,4	0,8	17,0
Inmobiliado inmaterial	871,2	3,1	1.018,0	3,2	16,8
Inmobiliado material	7.817,6	27,7	8.623,5	27,1	10,3
Outro inmovilizado	2.500,7	8,9	3.076,2	9,7	23,0
Outro activo fixo	31,5	0,1	25,4	0,1	-19,5
Circulante neto	16.817,7	59,5	18.857,3	59,2	12,1
Existencias	5.507,1	19,5	6.096,5	19,1	10,7
Debedores	8.500,0	30,1	9.735,4	30,6	14,5
Tesourería	1.225,1	4,3	1.296,8	4,1	5,9
Outro activo circulante	1.585,5	5,6	1.728,6	5,4	9,0
Fontes de financiamento	28.254,6	100	31.852,8	100	12,7
Financiamento permanente	14.104,7	49,9	16.503,1	51,8	17,0
Fondos propios	8.679,6	30,7	9.843,4	30,9	13,4
Recursos alleos l/p	4.812,4	17,0	5.990,6	18,8	24,5
Ingresos distribuídos en varios exercicios	612,7	2,2	669,1	2,1	9,2
Acreedores a curto prazo	14.149,9	50,1	15.349,7	48,2	8,5
Fondo de rotación	2.667,8	9,4	3.507,6	11,0	31,5

Fonte: Ardán

3.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 31.852,8 millóns de euros, un 12,7% superior ó valor de 1999, dos que 12.995,5 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 13,6% superior ó existente o ano anterior). Os 18.857,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 12,1% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación (**cadro C.3.6.- Empresa galega 1999-00: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**) reflicten unha desaceleración no crecemento dos ingresos, unha lixeira caída, respecto ós ingresos, do valor engadido bruto, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal, e un aumento da carga financeira. O resultado neto de explotación respecto ós ingresos redúcese entre os anos considerados. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, (**cadro C.3.8.- Empresa galega 1999-00: rendibilidade e magnitudes asociadas**), reducen-

se as rendibilidades económica e financeira por mor da evolución das variables das que dependen. Finalmente, decrece o nivel de endebedamento.

Os datos do **comercio exterior** recollidos nos **cadros 1.4.3. (Importacións 2001: distribución sectorial)** e **1.4.4. (Exportacións 2001: distribución sectorial)** reflicten que o sector primario acolle o 24,7% do valor das importacións galegas e o 20,5% das exportacións, en tanto que nos produtos industriais, se concentra o 75,3% do valor total das importacións galegas e o 79,5% das exportacións.

O valor total das exportacións dos produtos do sector primario acadou os 1.898,6 millóns de euros (un 5,4% máis que no ano anterior) en tanto que as importacións acadaron os 2.310 millóns de euros (un 16,1% máis), polo que o déficit da balanza comercial agraria foi de 411,4 millóns de euros. Comparado co total estatal, este sector representa o 9,1% do valor total das importacións espa-

ñolas deste tipo de produtos, e o 7,9% do valor das exportacións.

O importe total das exportacións e importacións do subsector enerxético descendéron ó longo do ano 2001. Tal e como se reflicte nos devanditos **cadros 1.4.3. e 1.4.4.**, o valor total das importacións de produtos enerxéticos ascendeu a 1.189,7 millóns de euros, un 20% menos que o rexistrado no ano anterior, en tanto que as exportacións acadan os 217,9 millóns de euros, un 5,5% menos. O saldo da balanza comercial galega de produtos enerxéticos presenta no ano 2001 un déficit de 971,8 millóns de euros.

O valor total das exportacións dos produtos industriais ascendeu a 7.154,1 millóns de euros en tanto que as importacións acadaron os 5.873,2 millóns de euros, polo que a balanza comercial presenta un superávit de 1.280,9 millóns de euros. Este saldo positivo débese ó comportamento do subsector de manufacturas, que presenta un saldo positivo de 1.389,6 millóns de euros, e máis concretamente, ó comportamento dos materiais de transporte, cun saldo de 1.647 millóns de euros.

No caso das semimanufacturas, as importacións medraron un 15,6% respecto ó ano 2000 e as exportacións un 7,1%. Comparado co valor total das importacións e exportación españolas deste sector, Galicia acolle o 12,2% do valor das importacións e o 11,1% das exportacións.

O sector das manufacturas é o sector máis importante ó representa-la metade do valor das importacións e as dúas terceiras partes das exportacións galegas. Neste sector salienta, por riba dos demais, o subsector de materiais de transporte, onde as súas importacións acadaron un valor de 3.102,1 millóns de euros (o 33,1% do valor total das importacións galegas) e as súas exportacións os 4.749,1 millóns de euros (o 51,2% das exportacións galegas). Comparado co ano anterior, as importacións creceron un 3,2%, en tanto

que as exportacións rexistraron unha medrada do 16,3%.

Séguelle en importancia o comportamento das industrias relacionadas co téxtil, onde as importacións acadan un valor de 786,4 millóns de euros (30% máis que en 2000) e o valor das exportacións os 733,7 millóns de euros (un 20,2% máis que no ano anterior). Comparado o total estatal, o comercio exterior destes produtos acaparan o 12,2% do valor das exportacións españolas destes produtos e o 9,6% no caso das importacións. ■

